



CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de abril de 2024 aprobouse o padrón fiscal do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Carballedo correspondente ó primeiro trimestre do exercicio 2024.

O importe total do padrón ascende a vinte e un mil oitocentos noventa euros e corenta e cinco céntimos (21.890,45€), sendo o período voluntario de cobro **desde o día 10 de maio de 2024 ao 10 de xullo de 2024** ámbolos dous inclusive de conformidade co previsto nos arts.12 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 62.3 da Lei xeral tributaria.

O resume do padrón é o seguinte:

CONCEPTO: Taxa polo abastecemento e saneamento de augas.

PERIODO. 1º trimestre 2024.

NÚMERO DE PÁXINAS: 40

NÚMERO DE RECIBOS: 617

PRIMEIRO SUXETO PASIVO: LÓPEZ NAVAL, HERMINIO

ULTIMO SUXEITO PASIVO: COUSO GONZÁLEZ, JOSÉ

IMPORTE TOTAL: Auga 17.570,60€; IVE: 1.757,06€; Canon Xunta Cota fixa: 1.287,72€; Canon Xunta Cota Variable: 1.275,07€. Total importe padrón: 21.890,45€.

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal dito padrón estará á disposición dos interesados no concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interperse recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real DecretoLexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Carballedo, 8 de maio de 2024.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 1426

FOZ

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 14 de maio de 2024, aprobáronse os Padróns da Taxa por subministro de auga, canon de auga, recollida de lixo e depuración, correspondentes ao **2º bimestre de 2024**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao

da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 22 de maio de 2024 e o 22 de xullo de 2024.

Contra este acto e as liquidacións correspondentes poderase presentar recurso de reposición, previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de exposición pública dos Padróns, sendo procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas, os recargos do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Foz, 14 de maio de 2024.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R.1427

Anuncio

SELECCIÓN DE PERSOAL

Por parte deste Concello vaise proceder a aprobación das Bases e Anexos polas que se establecen as **normas para a SELECCIÓN DE 1 POSTO DE TRACTORISTA E 1 POSTO DE XARDINEIRO FIXOS DISCONTINUOS PARA O CONCELLO DE FOZ.**

Prazo de presentación de instancias: 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no BOP.-

Requisitos do posto de traballo: recollidos nas Bases que rexen a convocatoria aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 9 de maio de 2024, a disposición dos interesados no BOP, no Taboleiro de anuncios do Concello de Foz, en horario de 9.00 a 14.00 horas, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Foz (www.concellodefoz.es).-

Máis información: Teléfonos 982.14.00.27

Foz, 14 de maio de 2024.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R.1428

PALAS DE REI

Anuncio

Trámite de información pública da Conta Xeral

Documento: Conta Xeral do Orzamento exercicio 2023.

Resolución: Acordo da Comisión Especial de Contas do 15/05/2024.

Obxecto: Consulta e presentación de alegacións polos interesados lexítimos.

Prazo: 15 días a contar desde o seguinte ao da publicación no BOP Lugo.

Efectos: Informadas as eventuais reclamacións someterase a Conta Xeral á aprobación do Pleno.

Normativa invocada: O artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Palas de Rei, 20 de maio de 2024.- O Alcalde, Pablo Jose Taboada Camoira.

R. 1435

PANTÓN

Anuncio

DECRETO

Expediente n.º: 1218/2022

Asuntos: Convocatoria e proceso de selección de unha (1) praza de Peón de Parques e Xardíns por concurso-oposición no marco da estabilización de emprego temporal no Concello de Pantón

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisión de Postos. Listado Definitivo de Admitidos/as e Excluídos/as e Convocatoria do Tribunal Cualificador.

DON JOSE LUIS ÁLVAREZ BLANCO, ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE PANTÓN, PROVINCIA DE LUGO.-

VISTO que o Alcalde do Concello de Pantón, mediante Decreto número 2022-0401, do 22.12.2022, resolveu, entre outros extremos, aprobar o expediente administrativo nº 1215/2022, incoado para dar cumprimento ao establecido no artigo 2 e na Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e convocar, entre outros, o proceso selectivo para a cobertura en propiedade de unha (1) praza de persoal laboral fixo por concurso-oposición, denominada “Peón de Parques e Xardíns”, incluídas na oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Pantón para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal, aprobada pola Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019), mediante Acordo do 20.05.2022, e publicada no BOP de Lugo nº 123, do 31.05.2022 e no DOG número 103, do 31.05.2022.

VISTO que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 298, do 30.12.2022, así como na sede electrónica do Concello de Pantón e no taboleiro de anuncios, publicouse a convocatoria e integramente as bases xerais e específicas que rexerán a convocatoria do proceso selectivo de referencia. Así mesmo, publicouse o anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia número 18, do 26.01.2023.

VISTO que no Boletín Oficial do Estado número 55, do 06.03.2023, foi publicado o extracto da convocatoria, iniciándose a partir do día do seguinte de conformidade co disposto na Base Xeral quinta que rexe na convocatoria, o prazo de presentación de instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo.

VISTO que rematado o prazo de presentación de solicitudes, presentáronse un total de seis (6) solicitudes.

VISTO que durante o prazo de dez días hábiles de emenda de defectos e presentación de reclamacións, non se presentou ningunha alegación.

En virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente e, en concreto, os apartados g), h) e s) do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia cos apartados h) e s) do artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista PROVISIONAL de aspirantes admitidos/as e excluído/asao proceso selectivo para a cobertura en propiedade de unha(1) praza de persoal laboral fixo por concurso-oposición, denominada “Peón de Parques e Xardíns”, incluídas na oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Pantón para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal, aprobada pola Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019), mediante Acordo do 20.05.2022, e publicada no BOP de Lugo nº 123, do 31.05.2022 e no DOG número 103, do 31.05.2022.

A) ADMITIDOS/AS:

Nº	ASPIRANTE	DNI	Realización proba de galego
6	Álvarez Céspedes Iván	***4030**	NON EXENTO
5	Figueiras Carral Óscar Luis	***5908**	EXENTO
2	González Díaz Manuel Eduardo	***6034**	EXENTO
3	Guerra López Ramón	***7474**	EXENTO
1	Piñeiro Rodríguez Jesús Antonio	***6380**	EXENTO
4	Vázquez Oubiña María do Carmen	***6596**	EXENTO

B) EXCLUÍDOS/AS:

Ningún/Ningunha.

SEGUNDO.- Nomear ao órgano de selección do proceso selectivo de referencia, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE/A.-

Titular: Don Alberto Herrán Calvo, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Pantón.

Suplente: Dona María Jesús Grandío Río, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Guntín.

VOGAIS.-

1º VOGAL.

Titular: Don Iago Torres Losada, Auxiliar Administrativo do Concello de Pantón

Suplente: Dona Rocío López López, Educadora Social do Concello de O Saviñao.

2º VOGAL.

Titular: Don Antonio Novoa González, Auxiliar Administrativo do Concello de Pantón.

Suplente: Don Jesús Morado López, Técnico Medio do Concello de Friol.

3º VOGAL.

Titular: Don Carlos Losada Rodríguez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Sober.

Suplente: María Luisa Fernández Fernández, Auxiliar Administrativa do Concello de Pantón.

SECRETARIO.-

Titular: Don Alejandro Martínez Sánchez, Secretario do Concello de Pantón.

Suplente: Don Roberto Lindín Novo, Técnico de Desenvolvemento Local do Concello de San Sadurniño.

TERCEIRO.- A constitución do Tribunal Cualificador terá lugar o día **03 de XUÑO de 2024, ás 12:30 Horas**, na Casa do Concello, sita na Praza do Concello, s/n – O Castro de Ferreira – Pantón (Lugo).

CUARTO.- Publicar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nos taboleiros de anuncios deste concello e na súa sede electrónica.

Contra a Resolución que aproba a presente lista de admitidos/as e excluídos/as con carácter definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Alcalde – Presidente do Concello de Pantón, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no B.O.P. de Lugo da presente listaxe definitiva ou ben recurso contencioso – administrativo diante do Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da citada publicación no B.O.P. de Lugo.

Mándao e asíno, o Alcalde, Don Jose Luis Álvarez Blanco, en Pantón, o día indicado na marxe. Dou fe, o Secretario.

Pantón, 16 de maio de 2024.- Alcalde Jose Luis Álvarez Blanco.

R. 1429

Anuncio

DECRETO

Expediente n.º: 1211/2022

Asuntos: Convocatoria e proceso de selección de tres (3) prazas de auxiliar de axuda no fogar por concurso-oposición no marco da estabilización de emprego temporal no Concello de Pantón

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisión de Postos. Listado Definitivo de Admitidos/as e Excluídos/as e Convocatoria do Tribunal Cualificador.

DON JOSE LUIS ÁLVAREZ BLANCO, ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE PANTÓN, PROVINCIA DE LUGO.-

VISTO que o Alcalde do Concello de Pantón, mediante Decreto número 2022-0401, do 22.12.2022, resolveu, entre outros extremos, aprobar o expediente administrativo nº 1211/2022, incoado para dar cumprimento ao establecido no artigo 2 e na Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e convocar, entre outros, o proceso selectivo

para a cobertura en propiedade de tres (3) prazas de persoal laboral fixo por concurso-oposición, denominadas “Auxiliar de Axuda no Fogar”, incluídas na oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Pantón para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal, aprobada pola Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019), mediante Acordo do 20.05.2022, e publicada no BOP de Lugo nº 123, do 31.05.2022 e no DOG número 103, do 31.05.2022.

VISTO que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 298, do 30.12.2022, así como na sede electrónica do Concello de Pantón e no taboleiro de anuncios, publicouse a convocatoria e integramente as bases xerais e específicas que rexerán a convocatoria do proceso selectivo de referencia. Así mesmo, publicouse o anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia número 18, do 26.01.2023.

VISTO que no Boletín Oficial do Estado número 55, do 06.03.2023, foi publicado o extracto da convocatoria, iniciándose a partir do día do seguinte de conformidade co disposto na Base Xeral quinta que rexe na convocatoria, o prazo de presentación de instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo.

VISTO que rematado o prazo de presentación de solicitudes, presentáronse un total de vinte (20) solicitudes.

VISTO que a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as foi publicada no B.O.P. de Lugo nº 095, do 24.04.2024, no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Pantón, concedéndose un prazo de dez días hábiles dende o día seguinte a súa publicación, para que os que resultasen excluídos/as puidesen emendar os defectos e presentar reclamacións, mediante escrito dirixido a esta Alcaldía, presentándoo en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

VISTO que durante o prazo de dez días hábiles de emenda de defectos e presentación de reclamacións, presentáronse as que de seguido se sinalan:

DÍA	NÚMERO DE REXISTRO	NOME
25/04/2024	2024-E-RC-1078	Alejandrina Rodríguez Fernández
25/04/2024	2024-E-RC-1090	Marta Rodríguez López
26/04/2024	2024-E-RC-1111	María Sol Amiama Sánchez
02/05/2024	2024-E-RC-1184	David Senra Amaro
07/05/2024	2024-E-RC-1240	David Senra Amaro

VISTO que fora do prazo dos dez días hábiles de emenda, presentouse a seguinte reclamación, e por conseguinte, non se pode ter en consideración:

DÍA	NÚMERO DE REXISTRO	NOME
13/05/2024	2024-E-RC-1289	David Penas Varela

VISTO que Don David Senra Amaro, presenta o pasado día 07.05.2024, no Rexistro do Concello de Pantón (2024-E-RC-1240), a validación do nivel de competencia en Lingua Galega equivalente a un CELGA 3.

VISTO que unha vez revisada a documentación presentada por Don David Senra Amaro, observase que o documento acreditativo do CELGA 3 é de data 06.05.2024, por conseguinte é posterior á data de presentación da solicitude ao proceso selectivo de referencia (2023-E-RC-1021 de data 03.04.2023) e por conseguinte non se pode ter en consideración.

VISTO que tódalas solicitudes de emenda de defectos e reclamacións foron aceptadas, salvo a de Don David Penas Varela (2024-E-RC-1289) e a de Don David Senra Amaro(2024-E-RC-1240).

En virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente e, en concreto, os apartados g), h) e s) do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia cos apartados h) e s) do artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista DEFINITVA de aspirantes admitidos/as e excluído/asao proceso selectivo para a cobertura en propiedade de tres(3) prazas de persoal laboral fixo por concurso-oposición, denominada “Auxiliar de Axuda a Domicilio”,incluídas na oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Pantón para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal, aprobada pola Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019), mediante Acordo do 20.05.2022, e publicada no BOP de Lugo nº 123, do 31.05.2022 e no DOG número 103, do 31.05.2022.

A) ADMITIDOS/AS:

Nº	ASPIRANTE	DNI	Realización proba de galego
1	Amiama Sánchez María Sol	***6375**	EXENTA
2	Arias Otero Sonia	***2310**	EXENTA
3	Arza López Leticia	***6742**	EXENTA
4	Barreiro Cano Julita	***4038**	NON EXENTA
5	Díaz Fernández María Teresa	***6502**	EXENTA
6	Domínguez de la Fuente Ana María	***2024**	EXENTA
7	González Buján María Graciela	***6069**	EXENTA
8	González Gallego Aida	***9160**	EXENTA
9	Ledo Guerra Dora	***9723**	EXENTA
10	Martínez Díaz Gerardo	***4754**	NON EXENTO
11	Montes Luengo María Coral	***0313**	NON EXENTA
12	Penas Varela David	***6859**	EXENTO
13	Rodríguez Balboa María Rosa	***1852**	NON EXENTA
14	Rodríguez Fernández Alejandrina	***0894**	EXENTA
15	Rodríguez Fernández Isabel	***5376**	EXENTA
16	Rodríguez López Marta	***1852**	NON EXENTA
17	Rodríguez Losada María del Carmen	***6750**	EXENTA
18	Seijas Rodríguez Yanira	***7293**	EXENTA
19	Senra Amaro David	***7455**	NON EXENTO
20	Silva Aguilera Iris Rosalía	***7794**	NON EXENTA

B) EXCLUÍDOS/AS:

Ningún / Ningunha.

SEGUNDO.-Nomear ao órgano de selección do proceso selectivo de referencia, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE/A.-

Titular: Don Alberto Herrán Calvo, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Pantón.

Suplente: Dona María JesúsGrandío Río, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Guntín.

VOGAIS.-

1º VOGAL.

Titular: Don Iago Torres Losada, Auxiliar Administrativo do Concello de Pantón

Suplente: Dona Rocío López López, Educadora Social do Concello de O Saviñao.

2º VOGAL.

Titular: Don Antonio Novoa González, Auxiliar Administrativo do Concello de Pantón.

Suplente: Don Jesús Morado López, Técnico Medio do Concello de Friol.

3º VOGAL.

Titular: Don Carlos Losada Rodríguez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Sober.

Suplente: María Luisa Fernández Fernández, Auxiliar Administrativa do Concello de Pantón.

SECRETARIO.-

Titular: Don Alejandro Martínez Sánchez, Secretario do Concello de Pantón.

Suplente: Don Roberto Lindín Novo, Técnico de Desenvolvemento Local do Concello de San Sadurniño.

TERCEIRO.- Desestimar o escrito presentado por Don David Senra Amaro (2024-E-RC-1240), debido a que o documento presentado acreditativo do CELGA 3 é de data 06.05.2024, por conseguinte é posterior á data de presentación da solicitude ao proceso selectivo de referencia (2023-E-RC-1021 de data 03.04.2023) polo que non se pode ter en consideración.

CUARTO.- Desestimar o escrito presentado por Don David Penas (2024-E-RC-1289), debido a que foi presentado fóra do prazo establecido.

QUINTO.- A constitución do Tribunal Cualificador terá lugar o día **03 de XUÑO de 2024, ás 09:00 Horas**, na Casa do Concello, sita na Praza do Concello, s/n – O Castro de Ferreira – Pantón (Lugo).

SEXTO.- Publicar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nos taboleiros de anuncios deste concello e na súa sede electrónica.

Contra a Resolución que aproba a presente lista de admitidos/as e excluídos/as con carácter definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Alcalde – Presidente do Concello de Pantón, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no B.O.P. de Lugo da presente listaxe definitiva ou ben recurso contencioso – administrativo diante do Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da citada publicación no B.O.P. de Lugo.

Mándao e asínao, o Alcalde, Don Jose Luis Álvarez Blanco, en Pantón, o día indicado na marxe. Dou fe, o Secretario.

Pantón, 16 de maio de 2024.- Alcalde Jose Luis Álvarez Blanco.

R. 1430

Anuncio

DECRETO

Expediente n.º: 1216/2022

Asuntos: Convocatoria e proceso de selección de unha (1) praza de Peón Recollida Lixo por concurso-oposición no marco da estabilización de emprego temporal no Concello de Pantón

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisión de Postos. Listado Definitivo de Admitidos/as e Excluídos/as e Convocatoria do Tribunal Cualificador.

DON JOSE LUIS ÁLVAREZ BLANCO, ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE PANTÓN, PROVINCIA DE LUGO.-

VISTO que o Alcalde do Concello de Pantón, mediante Decreto número 2022-0401, do 22.12.2022, resolveu, entre outros extremos, aprobar o expediente administrativo nº 1215/2022, incoado para dar cumprimento ao establecido no artigo 2 e na Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e convocar, entre outros, o proceso selectivo para a cobertura en propiedade de unha (1) praza de persoal laboral fixo por concurso-oposición, denominada “Peón Recollida Lixo”, incluídas na oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Pantón para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal, aprobada pola Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019), mediante Acordo do 20.05.2022, e publicada no BOP de Lugo nº 123, do 31.05.2022 e no DOG número 103, do 31.05.2022.

VISTO que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 298, do 30.12.2022, así como na sede electrónica do Concello de Pantón e no taboleiro de anuncios, publicouse a convocatoria e integramente as bases xerais

e específicas que rexerán a convocatoria do proceso selectivo de referencia. Así mesmo, publicouse o anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia número 18, do 26.01.2023.

VISTO que no Boletín Oficial do Estado número 55, do 06.03.2023, foi publicado o extracto da convocatoria, iniciándose a partir do día do seguinte de conformidade co disposto na Base Xeral quinta que rexe na convocatoria, o prazo de presentación de instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo.

VISTO que rematado o prazo de presentación de solicitudes, presentáronse un total de dúas (2) solicitudes.

VISTO que por Resolución de Alcaldía de data 23.05.2023 detectouse a existencia de erros materiais de feito consistentes:

- Na base específica primeira, onde dicía:

“(…) 2.- CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS QUE SE CONVOCAN:

Denominación da praza	Peón tractor
-----------------------	--------------

(…)”

Debe dicir:

“(…) 2.- CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS QUE SE CONVOCAN:

Denominación da praza	Peón de recollida de lixo
-----------------------	---------------------------

(…)”

- Na base específica quinta, no que se refire á Fase de Concurso, onde dicía:

“(…) **A) Méritos profesionais: ata un máximo de 36 puntos.**

Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

1.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado co manexo do tractor no Concello de Pantón, a razón de 1,50 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

2.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado co manexo do tractor nunha administración local distinta do Concello de Pantón, a razón de 1,00 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

3.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado co manexo do tractor nunha administración distinta da local, a razón de 0,50 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

4.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado co manexo do tractor en entidades que non teñan a condición de administración pública territorial ou na empresa privada, a razón de 0,10 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.(…)”

Debe dicir:

“(…) **A) Méritos profesionais: ata un máximo de 36 puntos.**

Valoraranse os servizos efectivos prestados ata a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

1.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado coa recollida de lixo no Concello de Pantón, a razón de 1,50 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

2.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado coa recollida de lixo nunha administración local distinta do Concello de Pantón, a razón de 1,00 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

3.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado coa recollida de lixo nunha administración distinta da local, a razón de 0,50 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.

4.- Por servizos prestados en postos coa categoría profesional de peón relacionado coa recollida de lixo en entidades que non teñan a condición de administración pública territorial ou na empresa privada, a razón de 0,10 puntos por mes completo de servizos prestados ata un máximo de 36 puntos.(…)”

VISTO que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 122, do 30.05.2023, así como na sede electrónica do Concello de Pantón e no taboleiro de anuncios, publicouse arectificación das bases que rexerán a

convocatoria do proceso selectivo de referencia. Así mesmo, publicouse no Boletín Oficial do Estado número 304, do 21.12.2023, o extracto da convocatoria, iniciándose a partir do día do seguinte de conformidade co disposto na Base Xeral quinta que rexe na convocatoria, un novo prazo de presentación de instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo.

VISTO que rematado o prazo de presentación de solicitudes, presentouse un total de unha (1) solicitude.

VISTO que a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as foi publicada no B.O.P. de Lugo nº 095, do 24.04.2024, no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Pantón, concedéndose un prazo de dez días hábiles dende o día seguinte a súa publicación, para que os que resultasen excluídos/as puidesen emendar os defectos e presentar reclamacións, mediante escrito dirixido a esta Alcaldía, presentándoo en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

VISTO que durante o prazo de dez días hábiles de emenda de defectos e presentación de reclamacións, non se presentou ningunha alegación.

En virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente e, en concreto, os apartados g), h) e s) do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia cos apartados h) e s) do artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluído/asao proceso selectivo para a cobertura en propiedade de unha(1) praza de persoal laboral fixo por concurso-oposición, denominada "Peón Recollida Lixo", incluídas na oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Pantón para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal, aprobada pola Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019), mediante Acordo do 20.05.2022, e publicada no BOP de Lugo nº 123, do 31.05.2022 e no DOG número 103, do 31.05.2022.

A) ADMITIDOS/AS:

Nº	ASPIRANTE	DNI	Realización proba de galego
1	Dacosta García Luis Antonio	***5480**	NON EXENTO

B) EXCLUÍDOS/AS:

Ningún / Ningunha.

SEGUNDO.- Nomear ao órgano de selección do proceso selectivo de referencia, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE/A.-

Titular: Don Alberto Herrán Calvo, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Pantón.

Suplente: Dona María JesúsGrandío Río, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Guntín.

VOGAIS.-

1º VOGAL.

Titular: Don Iago Torres Losada, Auxiliar Administrativo do Concello de Pantón

Suplente: Dona Rocío López López, Educadora Social do Concello de O Saviñao.

2º VOGAL.

Titular: Don Antonio Novoa González, Auxiliar Administrativo do Concello de Pantón.

Suplente: Don Jesús Morado López, Técnico Medio do Concello de Friol.

3º VOGAL.

Titular: Don Carlos Losada Rodríguez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Sober.

Suplente: María Luisa Fernández Fernández, Auxiliar Administrativa do Concello de Pantón.

SECRETARIO.-

Titular: Don AlejandroMartínez Sánchez, Secretario do Concello de Pantón.

Suplente: Don Roberto Lindín Novo, Técnico de Desenvolvemento Local do Concello de San Sadurniño.

TERCEIRO.- A constitución do Tribunal Cualificador terá lugar o día **03 de XUÑO de 2024, ás 11:30 Horas**, na Casa do Concello, sita na Praza do Concello, s/n – O Castro de Ferreira – Pantón (Lugo).

CUARTO.- Publicar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nos taboleiros de anuncios deste concello e na súa sede electrónica.

Contra a Resolución que aproba a presente lista de admitidos/as e excluídos/as con carácter definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Alcalde – Presidente do Concello de Pantón, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no B.O.P. de Lugo da presente listaxe definitiva ou ben recurso contencioso – administrativo diante do Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da citada publicación no B.O.P. de Lugo.

Mándao e asíno, o Alcalde, Don Jose Luis Álvarez Blanco, en Pantón, o día indicado na marxe. Dou fe, o Secretario.

Pantón, 16 de maio de 2024.- Alcalde Jose Luis Álvarez Blanco.

R. 1431

Anuncio

DECRETO

Expediente n.º: 1215/2022

Asuntos: Convocatoria e proceso de selección de unha (1) praza de Peón Tractor por concurso-oposición no marco da estabilización de emprego temporal no Concello de Pantón

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisión de Postos. Listado Definitivo de Admitidos/as e Excluídos/as e Convocatoria do Tribunal Cualificador.

DON JOSE LUIS ÁLVAREZ BLANCO, ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE PANTÓN, PROVINCIA DE LUGO.-

VISTO que o Alcalde do Concello de Pantón, mediante Decreto número 2022-0401, do 22.12.2022, resolveu, entre outros extremos, aprobar o expediente administrativo nº 1215/2022, incoado para dar cumprimento ao establecido no artigo 2 e na Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e convocar, entre outros, o proceso selectivo para a cobertura en propiedade de unha (1) praza de persoal laboral fixo por concurso-oposición, denominada “Peón Tractor”, incluídas na oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Pantón para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal, aprobada pola Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019), mediante Acordo do 20.05.2022, e publicada no BOP de Lugo nº 123, do 31.05.2022 e no DOG número 103, do 31.05.2022.

VISTO que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 298, do 30.12.2022, así como na sede electrónica do Concello de Pantón e no taboleiro de anuncios, publicouse a convocatoria e integramente as bases xerais e específicas que rexerán a convocatoria do proceso selectivo de referencia. Así mesmo, publicouse o anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia número 18, do 26.01.2023.

VISTO que no Boletín Oficial do Estado número 55, do 06.03.2023, foi publicado o extracto da convocatoria, iniciándose a partir do día do seguinte de conformidade co disposto na Base Xeral quinta que rexe na convocatoria, o prazo de presentación de instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo.

VISTO que rematado o prazo de presentación de solicitudes, presentáronse un total de dúas (2) solicitudes.

VISTO que a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as foi publicada no B.O.P. de Lugo nº 095, do 24.04.2024, no Taboleiro de Anuncios e na Sede Electrónica do Concello de Pantón, concedéndose un prazo de dez días hábiles dende o día seguinte a súa publicación, para que os que resultasen excluídos/as puidesen emendar os defectos e presentar reclamacións, mediante escrito dirixido a esta Alcaldía, presentándoo en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

VISTO que durante o prazo de dez días hábiles de emenda de defectos e presentación de reclamacións, presentáronse as que de seguido se sinalan:

DÍA	NÚMERO DE REXISTRO	NOME
25/04/2024	2024-E-RC-1083	Ramón Guerra Ledo

VISTO que a solicitude de emenda de defectos e reclamacións foron aceptadas

En virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente e, en concreto, os apartados g), h) e s) do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia cos apartados h) e s) do artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluído/asao proceso selectivo para a cobertura en propiedade de unha(1) praza de persoal laboral fixo por concurso-oposición, denominada “Peón Tractor”, incluída na oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Pantón para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal, aprobada pola Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019), mediante Acordo do 20.05.2022, e publicada no BOP de Lugo nº 123, do 31.05.2022 e no DOG número 103, do 31.05.2022 .

A) ADMITIDOS/AS:

Nº	ASPIRANTE	DNI	Realización proba de galego
1	Guerra Ledo Ramón	***4890**	NON EXENTO
2	Pérez Incio Rubén	***7001**	EXENTO

B) EXCLUÍDOS/AS:

Ningún / Ningunha.

SEGUNDO.- Nomear ao órgano de selección do proceso selectivo de referencia, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE/A.-

Titular: Don Alberto Herrán Calvo, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Pantón.

Suplente: Dona María Jesús Grandío Río, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Guntín.

VOGAIS.-

1º VOGAL.

Titular: Don Iago Torres Losada, Auxiliar Administrativo do Concello de Pantón

Suplente: Dona Rocío López López, Educadora Social do Concello de O Saviñao.

2º VOGAL.

Titular: Don Antonio Novoa González, Auxiliar Administrativo do Concello de Pantón.

Suplente: Don Jesús Morado López, Técnico Medio do Concello de Friol.

3º VOGAL.

Titular: Don Carlos Losada Rodríguez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Sober.

Suplente: María Luisa Fernández Fernández, Auxiliar Administrativa do Concello de Pantón.

SECRETARIO.-

Titular: Don Alejandro Martínez Sánchez, Secretario do Concello de Pantón.

Suplente: Don Roberto Lindín Novo, Técnico de Desenvolvemento Local do Concello de San Sadurniño.

TERCEIRO.- A constitución do Tribunal Cualificador terá lugar o día **03 de XUÑO de 2024, ás 10:30 Horas**, na Casa do Concello, sita na Praza do Concello, s/n – O Castro de Ferreira – Pantón (Lugo).

CUARTO.- Publicar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nos taboleiros de anuncios deste concello e na súa sede electrónica.

Contra a Resolución que aproba a presente lista de admitidos/as e excluídos/as con carácter definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o Alcalde – Presidente do Concello de Pantón, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no B.O.P. de Lugo da presente listaxe definitiva ou ben recurso contencioso – administrativo diante do Xulgado do Contencioso – Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da citada publicación no B.O.P. de Lugo.

Mándao e asínoa, o Alcalde, Don Jose Luis Álvarez Blanco, en Pantón, o día indicado na marxe. Dou fe, o Secretario.

Pantón, 16 de maio de 2024.- Alcalde Jose Luis Álvarez Blanco.

R. 1432

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio***CONTA XERAL DO EXERCICIO 2023**

Na sesión celebrada pola Comisión Especial de Contas o día 14 de maio de 2024, informouse a Conta Xeral do exercicio 2.023, que se somete a información pública por un prazo de quince días contados a partir do día seguinte ao da publicación deste edito, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións.

O que se fai público para xeral coñecemento de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Pedrafita do Cebreiro, 16 de maio de 2024.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 1436

QUIROGA*Anuncio*

Logo de aprobar por resolución de Alcaldía de data 16.05.2024as bases e a convocatoria para cubrir un posto de fontaneiro/aen réxime de funcionario interino por programa no Concello de Quiroga, mediante sistema de oposición,ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días naturais a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

EXTRACTO DA CONVOCATORIA:

Por resolución de Alcaldía de data 16.05.2024aprobáronse as bases específicas e a convocatoria para o nomeamento de un/hafontaneiro/apara o Concello de Quiroga, mediante sistema de oposición.

As bases íntegras da presente convocatoria fican publicadas na sede electrónica do Concello de Quiroga.

O prazo de presentación das solicitudes será de cinco días naturais a contar desde o día seguinte a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica deste Concello: www.concellodequiroga.com, e no taboleiro de anuncios do Concello.

Contra as presentes bases, que pon fin a vía administrativa, pódese interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, ante a Alcaldía deste concello de Quiroga de conformidade cos artigos 123 e 124 da lei 39/2015. de 1 de outubro, do procedemento Administrativo común das Administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou , á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Quiroga,16 de maio de 2024.- O Alcalde, José Luis Rivera Castro.

R. 1433

RIBADEO*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS**

O Pleno do Concello de Ribadeo en sesión celebrada o día 19 de marzo de 2024 prestou aprobación provisional á modificación do Regulamento dos cemiterios municipais de Ribadeo e Ove. Exposta ao público dita modificación mediante anuncio no BOP de Lugo de data 30 de marzo de 2024 non se formularon alegacións de ningunha clase durante o período de exposición, quedando, en consecuencia aprobada definitivamente a modificación cuxo texto queda do seguinte xeito:

Artigo 39 Réxime de adxudicación das Unidades de enterramento.-

O texto actual do Regulamento sinala:

As distintas unidades de enterramento existentes nos cemiterios municipais de Ribadeo serán xestionadas e adxudicadas do seguinte xeito:

a) Nichos.-

A construción será realizada por parte do Concello nos terreos que procedan dentro do cemiterio municipal e a adxudicación realizarase previa presentación de solicitudes durante o prazo que na convocatoria se fixe, mediante sorteo público ao efecto.

Os adxudicatarios deberán aboar as taxas que oportunamente se fixen na correspondete Ordenanza fiscal.

Engádese o seguinte párrafo:

No caso de nichos xa construídos cuxa concesión revertira ao Concello por renuncia expresa dos titulares do mesmo, abrirase un prazo de 15 días para adxudicarse aos solicitantes mediante sorteo público. De non se presentar ningún solicitante durante o prazo establecido poderá adxudicarse ao primeiro solicitante que formule instancia a través do Rexistro do Concello.

Os adxudicatarios deberán aboar as taxas que oportunamente se fixen na correspondente Ordenanza fiscal.

b) Panteóns. Para a adxudicación de panteóns o interesado presentará no Concello a correspondente instancia acompañada de plano suscrito por técnico competente debendo axustarse aos condicionamentos fixados polo Concello que será quen determine os lugares ou zonas así como a superficie na que se poderá realizar este tipo de unidade de enterramento. Sen esta autorización non se poderá proceder á construción do mesmo.

Os adxudicatarios deberán aboar as taxas que oportunamente se fixen na correspondente Ordenanza fiscal.

Engádese o seguinte párrafo:

No caso de panteóns xa construídos cuxa concesión revertira ao Concello por renuncia expresa dos titulares do mesmo, abrirase un prazo de 15 días para adxudicarse aos solicitantes mediante sorteo público. De non se presentar ningún solicitante durante o prazo establecido poderá adxudicarse ao primeiro solicitante que formule instancia a través do Rexistro do Concello.

Os adxudicatarios deberán aboar as taxas que oportunamente se fixen na correspondente Ordenanza fiscal.

c) Sepulturas.

Para a adxudicación de sepulturas o interesado presentará no Concello a correspondente instancia acompañada de plano suscrito por técnico competente debendo axustarse aos condicionamentos fixados polo Concello que será quen determine os lugares ou zonas así como a superficie na que se poderá realizar este tipo de unidade de enterramento. Sen esta autorización non se poderá proceder á construción do mesmo.

Os adxudicatarios deberán aboar as taxas que oportunamente se fixen na correspondente Ordenanza fiscal.

Engádese o seguinte párrafo:

No caso de sepulturas xa construídas cuxa concesión revertira ao Concello por renuncia expresa dos titulares da mesma, abrirase un prazo de 15 días para adxudicarse aos solicitantes mediante sorteo público. De non se presentar ningún solicitante durante o prazo establecido poderá adxudicarse ao primeiro solicitante que formule instancia a través do Rexistro do Concello.

A presente modificación de acordo co disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, entrará en vigor e comezará a aplicarse aos quince días hábiles contados desde o seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O presente acto pon fin á vía administrativa e contra este, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo ante a Sala do TSX de Galicia no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Ribadeo, 15 de maio de 2024.- O Alcalde, Daniel Vega Perez.

R. 1437

TRABADA*Anuncio***INFORMACION PÚBLICA DO PADRÓN DE AUGA DO 1º BIMESTRE DE 2024**

Por Resolución da Alcaldía núm. 2024-0223 do 16 de maio de 2024, resólvese a aprobación da Taxa polo abastecemento domiciliario de auga correspondente ao 1º bimestre de 2024, expoñéndose ao público polo prazo de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

De conformidade co artigo 102.3 la Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria esta publicación ten o carácter de notificación colectiva, podendo as persoas interesadas examinar o expediente e presentar os seguintes recursos:

- O recurso de reposición no prazo de 1 mes dende a publicación do presente anuncio, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de 1 mes, transcurrido o cal entenderase desestimado.
- Contra a resolución do recurso de reposición, poderase interponer o recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei reguladora da referida xurisdición.
- A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 1 mes.

Os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas, fixando como período de cobro voluntario do 24 de maio de 2024 ata ó 23 de xullo de 2024.

Finalizado o exercicio procederase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda.

Trabada, 16 de maio de 2024.- Sr. Alcalde, Rubén García Freije.

R. 1434